

ACTA DA SESIÓN EXTRORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 28 DE MAIO DE 2012.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS E VINTE MINUTOS** do día **VINTEOITO DE MAIO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **Dª. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúne a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **Dº MANUEL CUIÑA FERNANDEZ e Dº MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **Dº ANTONIO COUSO ÁLVAREZ e Dº KLAUS BREY MONTAÑA** e da Secretaria da Corporación **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

Interventora do Concello: Non asiste.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión, da cal non hai convocatoria asinada da orde do día pola Alcaldesa, por haber sido convocada verbalmente pola Alcaldía.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:


Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluidos na orde do día, que declaran urxentes:

1º.- INDEPENDENCIA 2, S.A. Reconstrucción e Restauración do Hórreo do Pazo de Trasfontao. Licenza de Obra.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co contido do informe técnico favorable do arquitecto do Concello, Lino Doperto Framil, de data 18 de novembro de 2011, e o informe xurídico de Juan Carlos Peteiro Rodríguez, favorable co contido do citado informe técnico de data 18 de novembro de 2011, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **acorda por unanimidade dos presentes:**

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia de obra que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº Paulino Sánchez Chao en representación de INDEPENDENCIA 2, S.A.
- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARA




- c) Reconstrucción e restauración do hórreo do Pazo de Trasfontao.
- SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Lugar de Trasfontao. Silleda.
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO: Paulino Sánchez Chao, Arquitecto col. 2143. David Blanco Lobato. Restaurador. Troa Conserv. e Rest., S.L.
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 23.974,40 €.
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do arquitecto técnico municipal, de data 18 de novembro de 2011 que se transcribe:

<i>Solicitante</i>	<i>Sánchez Chao, Paulino, e/r INDEPENDENCIA 2 S.A.</i>
<i>Data da solicitude</i>	<i>19 de xullo de 2011</i>
<i>Nº de Rexistro</i>	<i>3113</i>
<i>Proxecto</i>	<i>Memoria Técnica para Reconstrucción e Restauración do Hórreo do Pazo de Trasfontao</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Lugar de Trasfontao, Silleda</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>Parcela 36052A049003280000KY</i>
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Paulino Sánchez Chao, Arquitecto col. 2143. David Blanco Lobato. Restaurador. Troa Conserv. e Rest., S.L.</i>
<i>Proxecto</i>	<i>Sen visar</i>
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>
	<i>DOGA</i>
	<i>Prensa</i>
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	<i>23.974,40 €</i>

ANTECEDENTES:

1. O 19 de Xullo de 2011, R.E. 3113, Don Paulino Sánchez Chao, en representación de INDEPENDENCIA 2 S.A. Presenta solicitude de **Reconstrucción e Restauración do Hórreo do pazo de Trasfontao**, no lugar do mesmo nome, de referencia catastral 36052K508006900000EZ. Acompaña a solicitude de duas copias de memoria técnica, redactada polo Arquitecto Paulino Sánchez Chao, col. nº 2143 do COAGS po D. David Blanco Lobato, Restaurador.



INFORME:

2. O solo onde se pretende a construción está clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, en aplicación da Disposición Transitoria Primeira "Réxime de Aplicación dos municipios con planeamento non adaptado", da Lei 9/2002 do Solo de Galicia, coas sucesivas modificacións, como solo rústico.

3. Por outra parte, o edificio proxectado ubícase nas inmediacións do Pazo de Trasfontao, catalogado, entre outros, nas Normas Complementarias e Subsidiarias da Provincia de Pontevedra e no informe e anexos correspondentes rexistrados neste Concello o dia 16 de agosto de 2001, R.E. 2407, subscrito pola dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, no que aparece referenciado como Pazo de Trasfontao e a Vía da Prata.

4. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, puntos, a xuizo deste arquitecto, propónse dar traslado dunha copia do expediente completo aos seguintes Organismos:

Xefatura Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que consulten sobre a viabilidade da edificación proposta, por ubicarse nas inmediacións do Pazo de Trasfontao, como se indica no punto 3 deste informe.

Polo que o técnico que suscribe considera que a memoria presentada non contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licencia municipal de obra, previa obtención das autorizacións sectoriais indicadas no punto 4 deste informe técnico.

Consta escrito de data 27 de abril de 2012, (Rexistro de Saida na Xunta de Galicia nº 65974, de data 27 de abril de 2012, Rexistro de Entrada no Concello nº 2398, de data 02 de maio de 2012), da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asinado polo director xeral de Patrimonio Cultural (p.d. Resolución do 03-02-2012. O xefe de servizo de Coordinación da Área Cultura) que autoriza a reconstrucción e restauración do hórreo coas condicións que sinala , que literalmente dí:

"Exp.: 773/11

Promotor: Independencia 2 SA


Asunto: reconstrucción e restauración do hórreo

Documentación: memoria técnica redactada polo restaurador David Blanco Lobato e o arquitecto Paulino Sánchez Chao e documentación

alzados e planta e detalles da estrutura de cuberta
Situación: Transfontao (Silleda)

ANTECEDENTE8

- 1 *Independencia 2 SA promove o expediente de reconstrucción e restauración do hórreo do pazo de Transfontao, no concello de Silleda.*
- 2 *Trátase dunha actuación nun hórreo que, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei 16/1985 do patrimonio histórico español, goza da condición de ben de interese cultural. Conforme ao establecido no arto 44 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, precisa da previa autorización da Consellería de Cultura.*
- 3 *Con data 13 de abril de 2012 emítense informe técnico pola arquitecta do Servizo de Patrimonio Cultural en Pontevedra:*
"Descripción das obras
As obras consisten na reconstrucción, utilizando para os cerramentos e vigas a madeira de castiñeiro tratada con antixilófagos e tintadas, a cuberta realizarase cun entaboadado da mesma madeira e cubrirase con tella curva recuperada dunha antiga edificación.
En canto a restauración dos elementos que se conservan:
 1. ***Limpeza da fábrica de pedra** mediante uso de proxección de auga a baixa presión sen abrasivos nin deterxentes.*
Eliminación das plantas e musgos mediante cepillos de cerdas e procurando a súa eliminación dende a raíz, non se descarta a utilización de biocidas mediante aspersión ou brocheado.
Tras a limpeza da fábrica valorarase se é necesario a aplicación de consolidantes a base de silicatos para evitar a degradación da superficie.
 2. ***Picado e saneado das xuntas:** eliminación dos diferentes morteiros de cal e cemento existentes con cepillos, brochas e soprado de xuntas con aire comprimido nas zonas brandas, e mediante cincel e maza nas zonas de maior dureza. A limpeza completarase e con aplicación de chorro de auga a baixa presión.*
 3. ***Rexuntado morteiro de cal.***
 4. ***Reparación de elementos deteriorados,** limpeza e eliminación de elementos metálicos embutidos na pedra e reparación de pezas estruturais fragmentadas con varillas de fibra de vidro encoladas con resina epoxy como reforzo estrutural.*
 5. ***Reparación de ferraxes orixinais***



Constátese na memoria que se recollerá documentación relativa aos traballos realizados, que serán reflectidos nunha memoria final que será entregada a Dirección xeral de patrimonio cultural.

Consideracións e Conclusións

Non se atopa impedimento en informar favorablemente a reconstrución e restauración do hórreo tendo en conta os seguintes condicionantes:

- A limpeza da pedra farase manualmente con cepillo de sedas vexetais, empregando auga e xabón neutro. O tratamento será moi lixeiro, prohibíndose expresamente os métodos agresivos, como chorreo de area ou auga a alta presión.
- Eliminarase a vexetación enraizada, mediante a corta das raíces, pero sen arrincalas. Non se empregarán herbicidas sobre as pedras dos hórreos nin outras substancias químicas que poidan danar a pedra.
- Unha vez rematada a reconstrucción, deberán de presentarse fotografías en cor, tanto do exterior como do interior.

O presente informe, ten carácter exclusivamente técnico e redáctase de forma independente a expensas de calquera outro mellor fundamentado e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste á legalidade vixente da actuación pretendida".

4 A Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra, na súa sesión do 17 de abril de 2012, emite informe-proposta no que considera que se pode informar favorablemente sobre a reconstrución e restauración do hórreo coas seguintes condicións:

- A limpeza da pedra farase manualmente con cepillo de sedas vexetais, empregando auga e xabón neutro. O tratamento será moi lixeiro, prohibíndose expresamente os métodos agresivos, como chorreo de area ou auga a alta presión.
- Eliminarase a vexetación enraizada, mediante a corta das raíces, pero sen arrincalas. Non se empregarán herbicidas sobre as pedras dos hórreos nin outras substancias químicas que poidan danar a pedra.
- Unha vez rematada a reconstrucción, deberán de presentarse fotografías en cor, tanto do exterior como do interior.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1 É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente recollido nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, do rexime xurídico das

administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

- *Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.*
 - *Decreto 39/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamento das comisións territoriais do Patrimonio Histórico Galego, modificado polo Decreto 103/2010, do 17 de xuño.*
 - *Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.*
 - *Decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*
 - *As demais normas de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e ordenación urbana (Lei 9/2002) en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.*
- 2 *Resolución do 3 de febreiro de 2012 pola que se delega nos titulares dos servizos de coordinación da área cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o exercicio de determinadas competencias (DOG nº 36 do 21 de febreiro).*
- 3 *De acordo ao artigo 37 da Lei 8/1995, calquera intervención que se pretenda realizar no contorno dun ben de interese cultural deberá ser autorizada pola Consellería competente en materia de protección do Patrimonio, previamente á concesión da licenza municipal.*

De acordo con todo o sinalado, no exercicio da competencia que me atribúe o Decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e conforme ao disposto na resolución de 3 de febreiro de 2012 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se delega nos xefes dos servizos de coordinación da área cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o exercicio de determinadas competencias, e á vista do informado polos servizos técnicos do departamento territorial, de acordo coa Comisión territorial do Patrimonio Histórico,

RESOLVO

Autorizar a reconstrución e restauración do hórreo coas seguintes condicións:

- *A limpeza da pedra farase manualmente con cepillo de sedas vexentas empregando auga e xabón neutro. O tratamento será moi lixeiro, prohibíndose expresamente os métodos agresivos, como chorreo de agua ou*

auga a alta presión.

- *Eliminarase a vexetación enraizada, mediante a corta das raíces, pero sen arrincalas. Non se empregarán herbicidas sobre as pedras dos hórreos nin outras substancias químicas que poi dan danar a pedra.*
- *Unha vez rematada a reconstrucción, deberán de presentarse fotografías en cor, tanto do exterior como do interior.*

Esta autorización non exime das autorizacions sectoriais oportunas e do cumprimento da normativa urbanística vixente.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo duo mes contado a partir do día seguinte ao da súa recepción, de acordo co artigo 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Mediante este documento notifícase ao Concello de Silleda esta resolución segundo o esixido no artigo 58.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.”

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumplir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 3113/11.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construccions que ascende a 31,00 € (Informe Técnico) e 539,42 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

2º.- JOSE MANUEL VÁZQUEZ GONZÁLEZ. Muro de contención

e cerre de parcela. Licenza de Obra.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co contido do informe técnico favorable do arquitecto do Concello, Lino Doporto Framil, de data 07 de maio de 2012, e o informe xurídico da mesma data de Juan Carlos Peteiro Rodríguez, favorable de conformidade co citado informe técnico, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **acorda por unanimidade dos presentes:**

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia de obra que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ GONZÁLEZ
- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Muro de contención e cerre de parcela.
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Lugar de Barrabaite, nº 36, Lamela. Silleda
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO: José Pereiras Sánchez. Arquitecto Técnico.
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 9.299,88 € (execución material).
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe favorable do arquitecto técnico municipal, de data 07 de maio de 2012 que se transcribe:

*Informe Policia Local nº 54/12 Axente(s) TIP 265004 e TIP 265008
Data informe 2/2/2012*

Denunciado José Manuel Vázquez González

SOLICITUDE:

Data de rexistro 9/2/2012 Nº 622 Data escrito 7/2/2012

Obra Muro de contención e cerre de parcela.

Tipo de obra Maior

Emprazamento Lugar de Barrabaite, nº 36, Lamela. Silleda

Referencia Catastral 36052A020003160000KJ

Orzamento Segundo consta no proxecto ascende a un total de 9299,88 € (execución material).



NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueoloxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
 - 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
 - 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reducción do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
 - 1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
 - 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
 - 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
 - 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984
 - 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984
- 1.16 Concordantes


ANTECEDENTES:

1. Visto Informe da Polícia Local número 54/12, asinado polo(s) axente(s) TIP 265004 e TIP 265008 o día 2/2/2012 sobre obras executadas en Lugar de Barrabaite, nº 36, Lamela. Silleda.
2. Vista a solicitude presentada por José Manuel Vázquez González, de data 7/2/2012, presentada con r.e. nº 622 do día 9/2/2012, polo que solicita licencia municipal de obra para: Muro de contención e cerre de parcela.

O técnico que suscribe, emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO:

3. As obras que se pretender realizar consisten, segundo se manifesta na solicitude en: Muro de contención e cerre de parcela. Vistas as fotos do informe da Polícia Local citado, a solicitude coincide aparentemente coas obras denunciadas.
4. Dacordo ó solicitado e segundo o establecido no artigo 195.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, a obra solicitada considérase como MAIOR.
5. O solo no que se atopa a edificación, según o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda e a Disposición Transitoria Primeira da LOUGA para o planeamento non adaptado, presenta as seguintes condicións urbanísticas:
 - Clasificación do Solo: SOLO RÚSTICO
8. As obras que se están a acometer, aparentemente de muro de contención e cerre de parcela, son compatibles co ordenamento urbanístico vixente, mediante licencia directa municipal, sen necesidade de autorización autonómica ou outras autorizacións sectoriais. Canto aos aspectos técnicos da obra solicitada, cómpre sinalar que non se altera a topografía da zona, e por tanto os cursos naturais de auga, continuos ou permantes, nin a rasante do terreo.
9. Por tanto, as obras son legalizables, a xuízo do técnico que subscribe.
10. Canto ás autorizacións sectoriais precisas, segundo o artigo 196 LOUGA, non serían necesarias para esta actuación.
11. O artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, establece en que casos o promotor ten que designar un coordinador de seguridade e saúde. Dados aportados na solicitude non se pode determinar se na execución da obra



interveñen mais dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos ou diversos traballadores autónomos, casos nos que sería precisa a designación do coordinador por parte do promotor. En consecuencia, no momento que se produzcan os supostos antes indicados, a obra deberá de contar cun técnico director e coordinador dos traballos que se pretenden, dados os riscos que deles se derivan para os traballadores e os usuarios da vía pública. En calquera caso, segundo o artigo 18 do R.D. 1627/1997, deberase dar aviso previo á autoridade laboral competente antes do incio dos traballos.

12. Instalacións de aparellos elevadores (grúas torres): Non se manifesta na solicitude a necesidade de instalación de grúa torre para a realización das obras. No caso de ser preciso, deberá aportarse a documentación esixida na normativa de aplicación en materia (R.D. 2297/85, de 8 de Novembro; R.D. 836/2003, do 27 de Xuño; Orde do 13 de Maio de 1987 da Consellería de Traballo, Industria e Turismo e Decreto 204/94, do 16 de Xuño, entre outros).

13. Deberá cumplirse o establecido no Real Decreto 105/2008, polo que se regula a producción e xestión de residuos da construcción e demolición, e en particular: a xestión e retirada de materiais sobrantes a vertedoiros autorizados.

14. Os elementos auxiliares da construcción montaranse, instalaranse e manteranse conforme as disposicións vixentes de seguridade no traballo, de tal forma que se evite todo perigo tanto para os operarios, transito ou bens.

15. Polo que respecta á delimitación de responsabilidades, os deterioros dos servizos urbanos ou calesquer producidos como consecuencia das obras realizadas, serán responsabilidade do promotor das obras.

16. Non dificultará o acceso a fincas, locais ou predios colindantes e garantizarase a total seguridade do paso peatonal e rodado.

17. De acordo coa valoración levada a cabo polos Servicios Técnicos municipais considérase axeitado o orzamento dos traballos sinalado polo solicitante.

18. No escrito presentado non consta solicitude de permiso para a OCUPACION DA VIA PUBLICA; no caso de ser necesario deberá solicitarse no Concello de Silleda, antes do comenzo das obras.

Polo tanto estimase oportuna a concesión da licencia de obra solicitada, con suxección ás anteriores determinacións.”

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS

acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumplir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 622/12.


2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construccóns que ascende a 31,00 € (Informe Técnico) e 209,25 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

3º.- JOSE MANUEL VÁZQUEZ GONZÁLEZ. Muro de cerre de parcela. Licenza de Obra.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co contido do informe técnico favorable do arquitecto do Concello, Lino Doporto Framil, de data 07 de maio de 2012, e o informe xurídico de Juan Carlos Peteiro Rodríguez, favorable de conformidade co informe técnico citado, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **acorda por unanimidade dos presentes:**

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia de obra que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ GONZÁLEZ
- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Muro de cerre de parcela.
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Lugar de Barrabaite, nº 36, Lamela. Silleda
- d) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 3.154,50 € (execución material).
- e) CONDICIONANTES: Os especificados no informe do arquitecto técnico municipal, de data 07 de maio de 2012 que se transcribe:



Informe Policia Local nº 53/12 Axente(s) TIP 265004 e TIP 265008

Data informe 2/2/2012

Denunciado **José Manuel Vázquez González**

SOLICITUDE:

Data de rexistro **18/01/2012** Nº **252** Data escrito **18/01/2012**

Obra **Muro de cerre de parcela.**

Tipo de obra **Menor**

Emprazamento **Lugar de Barrabaite, nº 36, Lamela. Silleda**

Referencia Catastral **36052D505005230000XX**

Orzamento **Segundo consta no proxecto ascende a un total de 3.154,50 € (execución material).**

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
 - 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

- 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
- 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
- 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
- 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
- 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
- 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
- 1.15.8 P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
- 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
- 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
- 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
- 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984
- 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984

1.16 Concordantes


ANTECEDENTES:

1. Visto Informe da Polícia Local número 53/12, asinado polo(s) axente(s) TIP 265004 e TIP 265008 o dia 2/2/2012 sobre obras executadas en Lugar de Barrabaite, nº 36, Lamela. Silleda.
2. Vista a solicitude presentada por José Manuel Vázquez González, de data 18/01/2012, presentada con r.e. nº 252 do dia 18/01/2012, polo que solicita licencia municipal de obra para: Muro de cerre de parcela.

O técnico que suscribe, emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO:

3. As obras que se pretender realizar consisten, segundo se manifesta na solicitude en: Muro de cerre de parcela. Vistas as fotos do informe da Polícia Local citado, a solicitude coincide aparentemente coas obras denunciadas.
4. Dacordo ó solicitado e segundo o establecido no artigo 195.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacóns, a obra solicitada considérase como MENOR.
5. O solo no que se atopa a edificación, según o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda e a Disposición Transitoria Primeira da LOUGA para o planeamento non adaptado, presenta as seguintes condicións urbanísticas:
 - Clasificación do Solo: SOLO RÚSTICO



8. As obras que se están a acometer, aparentemente de muro de contención e cerre de parcela, son compatibles co ordenamento urbanístico vixente, mediante licencia directa municipal, sen necesidade de autorización autonómica ou outras autorizacións sectoriais.

9. Por tanto, as obras son legalizables, a xuízo do técnico que subscribe.

10. Canto ás autorizacións sectoriais precisas, segundo o artigo 196 LOUGA, non serían necesarias para esta actuación.

11. O artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, establece en que casos o promotor ten que designar un coordinador de seguridade e saúde. Dos datos aportados na solicitude non se pode determinar se na execución da obra interveñen mais dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos ou diversos traballadores autónomos, casos nos que sería precisa a designación do coordinador por parte do promotor. En consecuencia, no momento que se produzcan os supostos antes indicados, a obra deberá de contar cun técnico director e coordinador dos traballos que se pretendan, dados os riscos que deles se derivan para os traballadores e os usuarios da vía pública. En calquera caso, segundo o artigo 18 do R.D. 1627/1997, deberase dar aviso previo á autoridade laboral competente antes do incio dos traballos.

12. Instalacións de aparellos elevadores (grúas torres): Non se manifesta na solicitude a necesidade de instalación de grúa torre para a realización das obras. No caso de ser precisa, deberá aportarse a documentación esixida na normativa de aplicación en materia (R.D. 2297/85, de 8 de Novembro; R.D. 836/2003, do 27 de Xuño; Orde do 13 de Maio de 1987 da Consellería de Traballo, Industria e Turismo e Decreto 204/94, do 16 de Xuño, entre outros).

13. Deberá cumplirse o establecido no Real Decreto 105/2008, polo que se regula a producción e xestión de residuos da construcción e demolición, e en particular: a xestión e retirada de materiais sobrantes a vertedoiros autorizados.

14. Os elementos auxiliares da construcción montaranse, instalaranse e manteranse conforme as disposicións vixentes de seguridade no traballo, de tal forma que se evite todo perigo tanto para os operarios, transito ou bens.

15. Polo que respecta á delimitación de responsabilidades, os deterioros dos servizos urbanos ou calesquer producidos como consecuencia das obras realizadas, serán de responsabilidade do promotor das obras.

16. Non dificultará o acceso a fincas, locais ou predios colindantes e garantizarase a total seguridade do paso peatonal e rodado.

17. De acordo coa valoración levada a cabo polos Servicios Técnicos municipais considérase axeitado o orzamento dos traballos sinalado polo solicitante.

18. No escrito presentado non consta solicitude de permiso para a OCUPACION DA VIA PUBLICA; no caso de ser necesario deberá solicitarse no Concello de Silleda, antes do comenzo das obras.

Polo tanto estimase oportuna a concesión da licencia de obra solicitada, con suxección ás anteriores determinacións."

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construccíons que ascende a 31,00 € (Informe Técnico) e 70,98 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

4.- Licencia de actividade definitiva de MANUEL COSTA MONTOTO.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Licencia N° 219/06. Visto o expediente instruido a instancia de Dº MANUEL COSTO MONTOTO, solicitando licencia de actividade para construcción de fosa de xurro en estabulación de gando vacún situada no lugar de Vilanova, parroquia de Margaride (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 03 de agosto de 2007 acorda:

"4.2.4.- Licencia N° 219/06. Visto o expediente instruido a instancia de Dº MANUEL COSTA MONTOTO, en virtude de instancia nº 219 de data 18 de xaneiro de 2.006, solicitando Licencia de actividade correspondente construcción de fosa de xurro en estabulación de gando vacún situada no lugar de Vilanova, parroquia de Margaride (Silleda).

xurro, a situar en estabulación de gando bacón situada no lugar de Vilanova, parroquia de Margaride (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Agrícola D. J Ramón González Rodríguez, visado polo Colexio Oficial en data 13 de xaneiro de 2.006, nº 66/06, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e xurídico da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, éste Organismo, con data 10 de maio de 2.007 (Rexistro de Entrada nº 2242, de data 24 de maio de 2.007) outorgou a autorización previa á concesión de licenza municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, este Organismo, con data 5 de xuño de 2.007, (Rexistro de Entrada nº 2706, de data 15 de xuño de 2.007) informa en sentido favorable, calificando dita actividad como molesta, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que a situación sexa a sinalada no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.

d) A fosa será estanca e en ningún momento poderán existir vertidos directos ó medio natural. Previa a licenza de actividade se acreditará mediante a certificación do técnico responsable a estanquidade e impermeabilidade da fosa de xurro.

Os residuos que se xeren en calquera actividade da explotación, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.

A auga de abastecemento procedente do pozo, conte cun sistema de cloración permanente que garanta a potabilidade da auga de consumo.

A utilización do esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias e o RD Lexislativa 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripcións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvimento Sostible, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresar, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascenden as tasas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.”

Vista a Acta de comprobación para o ejercicio de actividades clasificadas, de data 15 de maio de 2012, asinada polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Manuel Doporto Framil e o titular da actividade, Manuel Costa Montoto, que literalmente dí:

“ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS

Actividade: “Construcción dunha fosa de xurro en estabulación de gando vacún situada no lugar de Vilanova, parroquia de Margaride (Silleda).”

Calificación: Según escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (rexistro de entrada no Concello nº 2706 de data 15-Xuño-2007) a actividade califícase como MOLESTA, INSALUBRE E NOCIVA C.D. 012.42.

Certificación Según CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA da técnica Dona alda Pérez Rodríguez, Enxeñeiro Técnico Agrícola, de data 08-febreiro-2008, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas o dia 12 de febreiro de 2008, nº 217/08 (Po), con ENTRADA no Concello de SILLEDA:

Data: 15-febreiro-2008.

Nº de rexistro: 814

Titular da actividade: MANUEL COSTA MONTOTO.

No termo municipal de SILLEDA, persónanse ás 14:00 horas do día 03 de Abril do ano 2012, o Arquitecto Asesor Técnico, D. Lino Manuel Doporto Framil, atopándose no lugar de Vilanova, parroquia de Margaride (Silleda), en presencia de Don Manuel Costa Montoto, con D.N.I. 35.248.281-E, e efectua a visita de comprobación demandada polo interesado en data 15-febreiro-2008 e referida á licencia municipal nº 219/06 según COMISIÓN DE GOBERNO do dia 03-Agosto-2007.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRAS e CERTIFICADO DE ESTANQUEIDADE E IPERMEABILIDADE DA FOSA DE PURINES, asinado polo técnico Don. Oscar J. Pose Andrade e visado.

A continuación examinase si se adoptaron todasas medidas correctoras impostas na licencia e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que SI pode iniciarse a actividade de "Construcción dunha fosa de xurro en estabulación de gando vacún situada no lugar de Vilanova, parroquia de Margaride (Silleda) ."

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva (RAMINP) a MANUEL COSTA MONTOTO, para a actividade de construcción dunha fosa de xurro en estabulación de gando vacún situada no lugar de Vilanova, parroquia de Margaride (Silleda) .

5.- Licencia de obra e provisional de actividade de Ana Belén Pampín Asorey.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes acorda:

Visto o expediente instruido a instancia de Dª ANA BELÉN PAMPÍN ASOREY, mediante escrito de data 13 de decembro de 2011 (Rexistro de Entrada nº 5511 de data 19.12.11), solicitando Licencia de obra e actividade para acondicionamento de local existente para destinar a clínica de fisioterapia, a situar na rúa do Parque, nº 20 baixo, Bandeira (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez, visado polo Colexio Oficial en data 14 dedecembro de 2011.

RESULTANDO: Que con data 23 de maio de 2012 Juan Carlos Pérez

Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 23 de maio de 2012.


RESULTANDO: Que con data 23 de maio de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítense informe técnico favorable no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	Ana Belén Pampín Asorey		
<i>Data da rexistro</i>	9/1/2012	<i>Nº</i>	115
<i>Data escrito</i>			9/1/2012
<i>Obra</i>	<i>Acondicionamento de local existente para destinar a clínica de fisioterapia</i>		
<i>Tipo de obra</i>	<i>Maior e actividade</i>		
<i>Emprazamento</i>	<i>Rúa do Parque, nº 20, baixo, Bandeira</i>		
<i>Referencia Catastral</i>	6915008NH5361N0003EK		
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>José Pereiras Sánchez, Arquitecto Técnico Colexiado 210</i>		
<i>Proxecto</i>	<i>Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial o 14/12/2011</i>		
<i>Dirección de Obra</i>	<i>n/d</i>		
<i>Oficio de Dirección</i>	<i>n/d</i>		
<i>Dirección de Execución</i>	<i>José Pereiras Sánchez, Arquitecto Técnico col. 210</i>		
<i>Oficio Direc. Execución</i>	<i>Visado polo Colexio Oficial o 14/12/2011</i>		
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>		
	<i>DOGA</i>		
	<i>Prensa</i>		
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	11.628,14 €		

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo)
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección)



do medio rural de Galicia).

1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro

1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.

1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002

1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueoloxica en Galicia.

1.13 Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia

1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

1.15 Planeamento do Concello de Silleda

1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991

1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995

1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reducción do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995

1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002

1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002

1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002

1.15.8 P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981

1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002

1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007

1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984

1.15.12 E.D. Calelo da Feira. A.def. o 26/01/1984

1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984

1.16 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. O dia 19 de decembro de 2011, Ana Belén Pampín Asorey presenta solicitude de licenza municipal de obra e provisional de actividade para acondicionamento de

local para destinalo a clínica de fisioterapia, solicitude asinada o día 13 de decembro de 2011. Aporta duas copias de proxecto de actividade asinado por José Pereiras Sánchez, arquitecto técnico colexiado nº 210 de Pontevedra e visado polo Colexio profesional o día 14 de decembro de 2011; así como oficio de dirección da execución da obra, a cargo do mesmo arquitecto técnico e visado polo colexio profesional o día 14 de decembro de 2011.

2. O 9 de marzo de 2012, este arquitecto emite informe de deficiencias do proxecto presentado, do que se dá traslado con R.S. 638 de 13 de marzo de 2012.

3. A devandita documentación foi aportada pola promotora en escrito asinado o día 16 de maio de 2012 (r.e. nº 2633 16/05/2012).

INFORME TÉCNICO:


*4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo URBANO**. Ordenanza: **Edificación Cerrada E.C.***

5. O uso que se pretende, segundo se desprende na memoria, no seu punto 1,4, é o seguinte:

*"La actividad del local una vez acondicionado es la de **CLÍNICA DE FISIOTERAPIA**".*

*6. Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como **comercial**: "ART. 155.- DEFINICION: 1.- Se consideran en el mismo, los locales, edificios o parcelas en los que se desarrollan actividades de tipo asistencial, sean de tipo oficial o particular (hospitales, clínicas, dispensarios, consultorios, asilos, residencias de ancianos, etc). No Grao 4 "I define: 4º.- Establecimientos de 1ª asistencia.- Clínicas de urgencia sin hospitalización de enfermos, consultorios, dispensarios....). Este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o PXOM vixente, segundo o art. 18 do mesmo.*

*7. Canto á tramitación ambiental, esta actividade encádrase dentro do Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, no **Anexo III, actividades excluidas** do procedemento de avaliación ambiental, punto "4.6. Barberías, saunas, institutos de beleza e similares". Consta no expediente copia do contrato de aceptación de resíduos propios da actividade por parte da empresa XESTYCAL, e aclaración do técnico redactor segundo a que:*



"(...) los residuos generados consistirán básicamente en gasas, algodones, aceites y lodos procedentes de los masajes, para cuyo tratamiento y gestión se dispone del correspondiente contrato con una empresa homologada de gestión de residuos, que ya ha sido presentado en ese Ayuntamiento.

Dadas las características de la actividad, en ningún caso se generarán en la misma residuos tóxicos, humanos, radiológicos o peligrosos, tales como jeringuillas, placas de radiología, ni restos humanos.

Es por ello que entendemos que e cumple estrictamente con las prescripciones del mencionado artícuo 7 del Decreto 133/2008 de 12 de junio".

8. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

9. O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.


10. O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

11. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica .

12. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuizo deste arquitecto, non se precisan doutros informes sectoriais nin autonómicos.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licencia municipal de obra e provisional de actividade.”

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumplimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia.



6.- Licencia de obra e provisional de actividade de Susana Louzao Valiñas.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Visto o expediente instruído a instancia de D^a SUSANA LOUZAO VALIÑAS, mediante escrito de data 18 de abril de 2012 (Rexistro de Entrada nº 2235 de data 20.04.12), solicitando Licencia de obra e actividade para ampliación de explotación avícola, a situar na estrada Silleda-Forcarei, nº 40 (Parcela 20402 do polígono 504) (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Agrícola Dº Francisco Pérez Donsión, visado polo Colexio Oficial en data 16 de abril de 2012, nº 160/12.

RESULTANDO: Que con data 21 de maio de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emíte informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 21 de maio de 2012.

RESULTANDO: Que con data 21 de maio de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítense informe técnico favorable no que se sinala:

<u>Solicitante</u>	<i>Susana Louzao Valiñas</i>		
<u>Data da rexistro</u>	20/04/2012	Nº 2235	<u>Data escrito</u> 18/04/2012
<u>Obra</u>	<i>Ampliación de explotación avícola.</i>		
<u>Tipo de obra</u>	<i>Maior</i>		
<u>Emprazamento</u>	<i>Estrada Silleda-Forcarei. Parcela 20402 do polígono 504.</i>		
<u>Referencia Catastral</u>	<i>36052K504204020000EE</i>		
<u>Autor do Proxecto</u>	<i>Francisco Pérez Donsión, Enxeñeiro Técnico Agrícola col. nº 579</i>		
<u>Proxecto</u>	<i>Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial o día 16/04/2012, nº 160/12</i>		
<u>Dirección de Obra</u>			

Oficio de Dirección

*Dirección de Execución Francisco Pérez Donsión, Enxeñeiro Técnico
Agrícola col. nº 579*

*Oficio Direc. Execución Visado polo Colexio Oficial o día 16/04/2012, nº
160/12*

<i>Exposición pública</i>	<i>Non</i>	<i>BOP</i>
		<i>DOGA</i>
		<i>Prensa</i>

<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	<i>51.405,00 €</i>
---------------------------	--------------------

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueoloxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

1.15 Planeamento do Concello de Silleda

- 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
- 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3) A.def. o 11/05/1995

- 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reducción do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
- 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
- 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
- 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
- 1.15.8 P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
- 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
- 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
- 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
- 1.15.12 E.D. Calelo da Feira. A.def. o 26/01/1984
- 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984

1.16 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. O día 20 de abril de 2012, Susana Louzao Valiñas presenta solicitude de ampliación de explotación avícola situada na parcela 20402 do polígono 504 do Concello de Silleda. Aporta duas copias de proxecto básico e de execución asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Pérez Donsión en marzo de 2012 e visado polo colexio profesional correspondente.
2. Apórtase copia do recoñecemento das edificacións, tramitado consonante á Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e a Circular Informativa 1/2003, de 31 de xullo, sobre as explotacións agrícolas e gandeiras existentes antes da entrada en vigor da nova Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; copia da documentación obrante neste departamento técnico de Urbanismo, vias e obras, mediante acordo de xunta de goberno local do día 17/10/2004, polo que se recoñecen as seguintes edificacións:
 - 2.1. Edificación destinada a **granxa**, cunha superficie construída total de 1104,36 m² en planta baixa.
 - 2.2. Edificación destinada a **fosa de cadáveres**, cunha superficie construída total de 6 m².
 - 2.3. Edificación destinada a **silo**, cunha superficie construída total de 3,14 m² en planta baixa.

INFORME TÉCNICO:

3. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e polo Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico.

4. Segundo a disposición Transitoria Décimo primeira da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia e posteriores modificacións,
(...)

2. Así mesmo, poderá permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, a ampliación das construcións destinadas á explotación ou ao apoio á actividade agropecuaria, mesmo en volume independente, cumprindo as condicións de edificación establecidas no artigo 42 desta lei e no planeamento urbanístico vixente, excepto no que se refire ás condicións de parcela mínima edificable, recuamentos, ocupación e volume máximos, distancias mínimas a vivendas e a asentamentos de poboación. (...)

En todo caso, deberá manterse o estado natural do terreo, ou con plantación de arboredo ou especies vexetais, como mínimo, nun terzo da superficie da parcela.

5. O uso que se pretende, segundo se desprende na memoria, é o seguinte:

"Almacén e nave para explotación avícola (uso agropecuario)" (punto 1,3,2 da memoria do proxecto)

6. Con respecto á avaliación ambiental das obras, a xuizo do técnico que subscribe, esta actividade está exenta sa sua tramitación, posto que se engloba dentro do disposto na D.A. segunda do Decreto 133/2008 polo que se regula a Avaliación de Incidencia Ambiental, ao non tratarse de "modificación sustancial" definida no artigo 3 do mesmo decreto, casos que se recollen a continuación:

- a) Un incremento superior ao 50% da capacidade produtiva da instalación.
- b) Un incremento superior ao 50% das materias primas empregadas no proceso produtivo.
- c) Un incremento do consumo de auga ou enerxía superior ao 50%.
- d) Un incremento superior ao 25% das emisións de contaminantes atmosféricos ou a implantación de novos focos de emisión catalogados.
- e) Un incremento superior ao 50% da vertedura de augas residuais.
- f) A produción de residuos perigosos ou o incremento do 25 % do seu volume no caso de estar inicialmente previstos.
- g) O incremento nun 25% dalgún ou da suma do total de contaminantes emitidos.
- h) A incorporación ao sistema de producción ou o seu aumento por enriba do 25% de substancias perigosas, reguladas polo Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se establecen medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.

7. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

8. O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto, segundo se conclúe no punto 7 da memoria do proxecto.

9. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria.

10. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuizo deste arquitecto, **non se precisa da emisión de informes doutros Organismos ou autorizacións autonómicas**.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licencia municipal de obra e provisional de actividade.”

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia.

7.- Devolución de fianza solicitada por Manuel Cayetano Domínguez.

Dase conta da solicitud presentada por Manuel Cayetano Domínguez, de data 04 de febreiro de 2011, (Rexistro de Entrada no Concello de data 04 de febreiro de 2011) solicitando a devolución do aval referido a licenza de obra: consta aval bancario de Caixanova nº 0443.3000002957, por importe de 3.000,00 €, presentado en data 3 de setembro de 2008 como garantía para responder das obrigas derivadas da execución das obras de “Construcción dun edificio de planta soto para garaxe, planta baixa para locais comerciais, planta primeira para pensión dunha estrela, planta segunda, terceira e cuarta para 6 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros-tendedeiros”.

Visto o informe técnico favorable de devolución de fianza emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 23 de maio de 2012, no que se sinala:

"INFORME TÉCNICO DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA PARA GARANTIR A EXECUCIÓN DAS OBRAS :

Solicitante	Manuel Cayetano Domínguez		
Data de rexistro	04/02/2012	Nº N/d Data escrito	04/02/2012
Emprazamento	Rúa Ramón de Valenzuela		
ASUNTO:	Ramón de Valenzuela, nº 43, de Bandeira		

ANTECEDENTES

1. O día 4 de febreiro de 2011, Manuel Cayetano Viéitez presenta solicitude de devolución de aval depositado polas obras de construcción de edificio de vivendas sito na rua Ramón de Valenzuela, nº 43, de Bandeira, no que:

EXPÓN:

"Que con motivo das obras que realicei na Rua Ramón de Valenzuela, nº 43, en Bandeira, depositei un aval bancario no Concello. Licencia de obra 10-10-2008.

SOLICITO:

A devolución do mesmo."

2. O aval bancario depositado ten data de 3 de setembro de 2008, e indica que:


"en virtud de lo dispuesto en la Ley 9/2002, do 30 de Decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia,

En garantía de: CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DE PLANTA SOTO PARA GARAXE, PLANTA BAIXA PARA LOCAIS COMERCIAIS, PLANTA PRIMEIRA PARA PENSIÓN DUNHA ESTRELA, PLANTA SEGUNDA, TERCEIRA E CUARTA PARA 6 VIVENDAS E PLANTA BAIXO CUBERTA PARA TRASTEIROS- TENDEDEIROS"

3. A xunta de Goberno Local do Concello de Silleda, en sesión celebrada o día 10 de outubro de 2008, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

"1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, concede a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº Manuel Cayetano



Dominguez, en representación de CAYETANO VIÉITEZ, S.L., e con domicilio en rua Xeral, 49 de Bandeira (Silleda).

b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Construcción dun edificio composto por planta soto para garaxe, planta baixa para locais comerciais, planta primeira para pensión dunha estrela, plantas segunda, terceira e cuarta para 6 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros- tendedeiros.

c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa Iryda nº 43, Bandeira (Silleda).

(...)

INFORME TÉCNICO

4. Efectuada visita de inspección ao lugar das obras o dia 23 de maio de 2012, comprobouse que se encontran en perfecto estado os tramos das beirarrúas ás que dá frente o edificio, tanto a da rúa Ramón de Valenzuela como no seu acceso posterior e de garaxe, na rua Agro do Valo. En ámbolos dous casos encóntranse perfectamente executadas e encintadas as beirarrúas, sen resaltos nin pezas soltas que poñan en perigo a seguridade das persoas con movilidade reducida; e en perfecto estado para a súa posta en servizo.

5. En canto ao resto dos servizos urbanísticos, non se observaron danos na análise visual realizada, salvo vicios ocultos.


Polo tanto non se aprecia inconveniente para a devolución do aval obxecto deste informe técnico. ”

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda** que por parte de Tesorería se proceda a la devolución deste aval.

8.- Solicitud de subvención a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Visto que polo Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, dase conta da Resolución do 9 de abril de 2012, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das árees rurais de Galicia promovidos polos concellos e



mancomunidades de concellos, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se anuncia a convocatoria para o período 2012-2013, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 77 do 23 de abril de 2012.

Visto o proxecto técnico redactado polo arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro - Nº 2.564 COAG, denominado "Casa de Cultura de Bandeira "Vista Alegre""", Proxecto: "Reforma y Ampliación de la Casa de Cultura de Bandeira (3ª Fase)", sita na rúa Xeral, s/n - A Bandeira - Silleda (Pontevedra), sendo o promotor o Concello de Silleda, referencia 12.001-Sg e data maio de 2012, cun orzamento xeral (total por contrata) de 173.999,98 € (incluido IVE 16%).

A Xunta de Goberno Local, acorda:

1º.- **Prestar aprobación ó proxecto** redactado polo arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro - Nº 2.564 COAG, denominado "Casa de Cultura de Bandeira "Vista Alegre""", Proxecto: "Reforma y Ampliación de la Casa de Cultura de Bandeira (3ª Fase)", sita na rúa Xeral, s/n - A Bandeira - Silleda (Pontevedra), sendo o promotor o Concello de Silleda, referencia 12.001-Sg e data maio de 2012, cun orzamento xeral (total por contrata) de 173.999,98 € (incluido IVE 16%).


2º.- **Solicitar unha subvención** a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para para realización desta obra, ó abeiro da Resolución do 9 de abril de 2012, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia promovidos polos concellos e mancomunidades de concellos, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se anuncia a convocatoria para o período 2012-2013, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 77 do 23 de abril de 2012. ("32110 Servizos básicos para a economía e a poboación rural")

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as catorce horas e cuarenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 28 de maio de 2012.



Xunta de Goberno Local de 28 de Maio de 2012



Asdo. Cristina Alonso Losada

